#07

03 de agosto de 2012

Informacióncomarcal

BOLETÍN DIXITAL QUINCENAL

Páx 2
ANÁLISE: Insubmisión ante os recortes

Páx 3
PONTEVEDRA: Política, crise e dignidade

Páx 4
PONTEVEDRA: As festas do verán, galegas

Páx 5
PONTEVEDRA: Proba en galego

Páx 6
PARLAMENTO: O BNG reclama a rebaixa das portaxes da AP-9

Páx 7
PARLAMENTO: Defensa da flota galega en Mauritania

Páx 8-9
ACTIVIDADE POLÍTICA: 17 de agosto, Día da Galiza Mártir

Páx 10
MORAÑA: Aprobada a moción do BNG para manter o poder adquisitivo dos empregados públicos
CALDAS: Acto sobre as Participacións Preferentes

Páx 11
ACTIVIDADES FESTIVAS

Paremos o pucheirazo do PP

O BNG pídelle á sociedade galega que se una para parar o pucheirazo eleitoral que prepara Feijoo para manter ao PP no poder mediante unha redución de escanos no Parlamento Galego.

A proposta de reforma do Parlamento Galego que prepara o Partido Popular de Feijoo é un verdadeiro pucheirazo eleitoral que vai ser o epílogo indigno do peor presidente da Xunta de Galiza. Con esta reforma, Feijoo vai pasar á historia como o presidente que quixo permanecer no poder a calquera prezo.

Ningún dos motivos aducidos polo PP responden á realidade: nen as medidas propostas serven para recurtar gastos nen garanten un mínimo de representación democrática dos galegos e das galegas.

A proposta do PP incumpre os requisitos e as normas democráticas, alterando principios básicos nun sistema democrático como son a proporcionalidade e a representatividade dos cidadáns e das cidadás.

Asemade é falso que se trate dunha medida de aforro, xa que o noso Parlamento custa 7€ por cada galego, unha das taxas máis baixas do estado e, por suposto, de toda Europa.

En realidade Núñez Feijoo só ten o obxectivo de se manter no poder a calquer prezo nun momento como este no que sabe que ten perdida a maioría absoluta.

O BNG non vai participar nesta farsa

No BNG sabemos como non malgastar os cartos públicos e temos propostas para iso: suprimamos as deputacións, suprimamos os ministerios sen competencias (educación, cultura) e suprimamos as campañas de propaganda da Xunta de Galiza.

Ademais o BNG está disposto a negociar calquera mellora do autogoberno de Galiza, ao que non estamos dispostos é a admitir este golpe antidemocrático que rompe coas regras de xogo única e exclusivamente en beneficio do Partido Popular.

O BNG fixo un chamamento a todas as forzas políticas e sociais do país a pronunciarse contra o pucheirazo de Feijoo na seguridade de que, en bloque, somos quen de parar ao Partido Popular.

Insubmisión ante os recortes !

Defender e poñer en marcha alternativas fronte ás políticas dos recortes é absolutamente imprescindíbel. Só así saíremos da crise con xustiza social e derrotaremos o proxecto ideolóxico dun PP que utiliza a recesión como coartada para impornos o seu insolidario modelo de sociedade.

É por iso que o BNG adoptou a decisión de, naqueles concellos en que teñamos a capacidade de así o facer, aboar a paga extra ás e aos empregados públicos.

A decisión do Goberno Rajoy de eliminar a paga extra -imposta ao Executivo español pola Unión Europea e por Berlín- é unha decisión inxusta, antisocial, e ademais inútil e contraproducente ante a crise.

É inxusta porque as e os empregados públicos non son os responsábeis da crise, senón que son vítimas dela. Desde o Goberno Aznar, levan perdido un 26 por cento do seu poder adquisitivo.

É inútil e contraproducente ante a crise porque reducirá o poder adquisitivo de miles de traballadoras e traballadores públicos -na Galiza máis de 150.000- o cal traerá como consecuencia a caída aínda maior do consumo e, portanto, o peche de novas empresas, nomeadamente pequenas e medianas, singularmente pequenos comercios, co conseguinte incremento do desemprego.

Non esquezamos que os salarios das e dos empregados públicos funcionan sempre como unha referencia para os salarios do sector privado. Se se recortan aqueles, máis cedo que tarde se recortarán tamén estes. Reducir a paga é tanto como reducir os salarios dos empregados públicos nun 7 por cento. A inmensa maioría das empresas privadas non tardarán en facer o propio, co cal tamén as e os traballadores do sector privado acabarán vendo mermados os seus ingresos.

Ante esta situación, o BNG non podía ficar impasíbel.

O BNG será insumiso aos recortes nos concellos nos que goberna, adoptando medidas que posibiliten o mantimento do poder adquisitivo das e dos empregados públicos.

A recuperación do poder de compra por parte das e dos asalariad@s -sexan do sector público ou privado- é chave para reactivar a economía.

Desde que estourou a crise, o BNG advertiu que as políticas de recortes non só non ían resolver a recesión, senón que a ían agravar até tornala nunha situación practicamente de depresión económica.

Manifestación do 30 de xullo contra os recortes

O PP está a aproveitar a crise para impoñer o seu modelo social, isto é, para deteriorar os servizos públicos, de maneira que se abran novos nichos de negocio para o capital privado na educación, na sanidade e nos servizos sociais.

Por iso o PP ataca aos empregados públicos, aos que presenta implicitamente como responsábeis da crise por seica viveren por enriba das súas posibilidades.

Os concellos gobernados polo BNG manterán o poder adquisitivo das e dos empregados públicos

É unha estratexia de criminalización do público propia dun partido neoliberal que ten como único obxectivo a privatización de servizos fundamentais para as maiorías sociais.

O BNG vaille facer fronte a estas políticas con absoluta determinación.

Defender as e os empregados públicos é tanto como defender os servizos públicos, que son aqueles que garanten a cohesión social.

Defender as e os empregados públicos é tanto como defender tamén ao resto da clase traballadora, porque os recortes no sector público son sempre preludio de recortes no sector privado.

Política, crise e dignidade

Asistimos estes días a un novo sarillo argallado polo Partido Popular de Pontevedra para tentar quitar do medio os asuntos que lle preocupan a todas as galegas e galegos sen se para en barras para xerar escándalos, alarmar á cidadanía ou recurrir a argumentos achegados pola estrema dereita franquista.

A inmensa maioría dos cidadáns e das cidadás sabemos que as medidas que dicta a Unión Europea e que aplica o Partido Popular desde o goberno de Madrid e desde a Xunta de Galiza só serven para empobrecer ás clases populares, ao pequeno empresariado e á clase traballadora: rebaixas de salarios e pensións, retallamentos nos servizos sociais, aumento dos impostos á xente e entrega de toda esa riqueza á grande banca e aos especuladores. Como dí o sindicalismo nacionalista non é unha crise, é un saqueo.

Isto sábeo o Partido Popular de Pontevedra, como o sabe Rajoy, que fai o que lle manda Europa, e como o sabe Feijoo, que acata todo o que lle ordenan en Madrid.

É dentro desta situación na que hai que entender e analisar a última polémica que pretenderon montar Jacobo Moreira e o Partido Popular de Pontevedra a respecto dos soldos dos concelleiros e concelleiras.
Vaiamos por partes

1.- **Aproveitan a crise para acabar coa democracia.**
Rajoy quere impedir as manifestacións e acabar do dereito á folga; Feijoo quere asegurarse a reelección rebaixando o número de deputados e Moreira non quere que en Pontevedra funcione o Concello. Todos eles, cada un no seu ámbito, defenden o mesmo principio de que só unha elite, só unha clase privilexiada, poida adicarse a política. Para todos e todas as demais xa o explicou Franco: "Faga coma min e non se meta en política"

2.- **Non respectan a palabra dada**
Os soldos dos concelleiros e das concelleiras, en Pontevedra, acordáronse polo BNG, o PP e o PSOE ao comezo deste mandato co obxectivo declarado de dignificar a vida política e garantir o mellor servizo á cidadanía deste concello. Jacobo Moreira e o Partido Popular, con tal de agachar os machedazos de Rajoi e Feijoo, están dispostos mesmo a rachar unilateralmente os compromisos asumidos nas institucións.

3.- **A política é mala e todos os políticos son iguais**
Esta é a ladaíña que repiten a dereita política e toda a súa caverna mediática para escaparen da desesperanza que están a provocar nos cidadáns e cidadás. Goebbels non tiña razón: as mentiras mil veces repetidas seguen sendo mentiras.

A actuación do BNG

O BNG está definitivamente aliñado cos sectores que defenden o noso país e non está disposto a deixar pasar intento ningún de manipulación por parte do Partido Popular.

A POLÍTICA, así, con letras grandes, é unha das actividades máis dignas ás que pode adicarse unha persoa e, ademais, no caso dos galegos e as galegas, unha necesidade para conseguirmos a nosa propia supervivencia como nación. Por iso o BNG entende a política como a necesidade de autoorganizármonos.

A POLÍTICA, así, con letras grandes, baséase na confianza e no respecto polos demais. Por iso cando o PP racha un pacto sempre sabe onde vai atopar ao BNG. Neste caso na situación inmediatamente anterior.

A POLÍTICA, así, con letras grandes, serve para mellorar a vida das persoas. Por iso o BNG nen deixa nen vai deixar pasar nengunha agresión do PP ás maiorías sociais.

E ningunha agresión significa ningunha agresión.

Unha das actuacións dos 15 bolos na praza da Verdura

As festas do verán, galegas

Sermos nacionalistas é apostar polo noso, confiar nas nosas posibilidades, saber que o país, Galiza, é quen de avanzar, progresar e darnos unha mellor calidade de vida a todos e todas.

A Concellaría de Festas do Concello de Pontevedra deseñou un programa para Verán 2012 no que hai practicamente un centenar de intervencións de grupos galegos de todo tipo porque é imprescindíbel apoiar a escena galega.

Na Galiza hai centos e centos de persoas que cantan, bailan e actúan e que teñen a capacidade para facernos gozar coa súa arte. Mais, como en todos os países, cómprelles o apoio das institucións públicas para chegaren ao grande público.

Por outra parte, as políticas de retallamento do gasto desenvolvidas desde 2010 polo PP e o PSOE só conducen a maior emprobrecemento e perda de postos de traballo.

Fronte a eles, e sobre todo nunha época de crise como esta, o BNG vai apostar en todos os ámbitos nos que traballe por apoiar ás empresas galegas para xerar emprego.

Isto, por suposto, tamén é valido para o eido da cultura, que non debemos esquecer supón algo máis do 2% do PIB galego.

Algúns dos grupos galegos que participaron ou van participar cos seus espectáculos nas festas de Verán de Pontevedra.

Andaina, Os Alegres de Mourente, Os Trazantes de Tenorio, Foula, Os de Algures, Duos Pontes, Celme, Charanga Apeles, Malkeda, Os de Mourente, Títeres Tres Globos, Rastrexos Project, Viravolta Títeres, Odaiko Perkussion, Banda de Música de Salcedo, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Xoldra, Os Sadomusiquistas, Banda de música de Pontevedra, Vórtex, Teatro Arume, Pedro Volta, Barafunda Animación, Trío Vaamonde, Lamas e Romero, Xosé Manuel Budiño, Maravallada, Os sustos de Couso, Avelaíña, Chouteira, Polifónica de Barro, Voces Amigas de Mourente, Casino do Carballiño, Voltage, O Chopo, Baiona La Real, Airiños de Campañó, Pedra Borneira, Son da Vila, Os Muiñeiros do Sarela, La Casa de los Ingleses, A Mercede de Chaín, Alameda, Bella Helenes, Alvariza, Os Chichisos, Quinta Avenida, Mediterráneo, Alcotán, Ciudad de Pontevedra, Hiroshima, Calibre, Formas, Embajadores, Atlanta, Talismán, Escarlata, Agarimo, Canela, Oro Negro, Banda Xuvenil de Salcedo, Coral Polifónica de Barro, Corala Polifónica de Caldas de Reis, Agrupación Musical de Goian, Bico de Balouta, Aturuxo Pequeno, Los Lados, Street Band, Garibaldi, Marbella, Nebraska, Os de Algures, Band de Balbina, Festicultores troupe, Compañía do Ruído, Pesdelán, Paquebote, Solfabirras, Skirl, All Less One, Debuxos Reanimados, Meigha, La Maldita, Que Desilusión, PDA, The Grave Dolls, Meiramar-Axouxeres, Isla, Cé Orquestra Pantasma, Rivel Animación, Paspallás, Luís O Caruncho, Tanto nos ten, Cantares das Burgas, Os Lerenses, Picuíña, Carapaus, Troula, Javier Pereiro Quinteto, Enxebres, Folerpas, etc.

Proba en galego

Co apoio da concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, vinte pequenas empresas asinaron o pasado mércores 1 de agosto o seu compromiso para a promoción do galego nas relacións comerciais e cos clientes.

Máis unha vez temos que afirmar que para saírmos da crise cómpre que as institucións se volquen no apoio aos traballadores e traballadoras e ás empresas que están asentadas no país e xeran riqueza nel. O BNG pon todos os seus medios institucionais e políticos para este obxectivo e, sexa cal for o ámbito de traballo, involucrámonos nel.

Con "Proba en galego", a Concellaría de Normalización Lingüística desenvolve unha campaña de apoio ao pequeno empresariado pontevedrés ao mesmo tempo que se favorece a presenza falada do galego, sobre todo, no comercio local.

Entre os compromisos que asumen estas empresas están o de realizar todos os trámites administrativos en galego, redactar en galego os avisos nos seus negocios e facer toda a publicidade exclusivamente en galego.

Ademais as persoas que traballen de cara ao público levarán ben visíbel un identificador de "Proba en galego" avisando aos seus clientes da preferencia do galego no estabelecemento.

Primeiras empresas adheridas á campaña proba en galego

- **Ábaco** (mobiliario e interiorismo),
- **Casa Baños**
- **Centro de ensino ENOT**
- **Deportes Goleada**
- **Dicenfot**
- **EraComunicación**
- **Ernesto Filgueira**
- **Estouche Ben!**
- **A Formiga no Carreiro**
- **Gaia Animación**
- **Libraría Paz**
- **Librería Depapeis**
- **Lourdes Sampedro** (lencería)
- **Olbe Téxtil**
- **Olga Otero** (zapatería)
- **Peral Moda**
- **Quercus** (armarios e vestidores),
- **Rocío Fazanes** (boutique)
- **Tapicería Tranchero**
- **Ultramarinos O Cisne**
- **Volvoreta** (moda infantil).

O BNG demanda que se cumpra o acordo do Parlamento Galego para a rebaixa das portaxes da AP-9

A portavoz de infraestruturas do BNG no Parlamento Galego, Carme da Silva presentou diversas iniciativas parlamentarias ao fin de esixir do Ministerio de Fomento a rectificación total da medida de estabelecer novas portaxes máximas nas autoestradas, e a rebaixa da portaxe da AP-9, tal e como foi acordado, por unanimidade, polo Parlamento Galego.

Asemade, a parlamentaria do BNG tamén reclama realizar as xestión necesarias para garantir o adecuado mantemento e condicións de uso desta infraestrutura.

A AP-9 é o principal eixo de comunicación por estrada de Galiza e tanto a sociedade galega como o propio Parlamento xa ten manifestado a súa oposición ás elevadas e inxustas portaxes. Pero lonxe de rebaixalas, o Goberno de Rajoy ven de decidir un incremento subtancial das mesmas. Esta medida supón un ataque inadmisíbel na situación económica na que se atopa Galiza coa maioría da poboación afogada polos recortes do goberno do Estado e a Xunta.

A presión da sociedade galega, así como as iniciativas presentadas polo BNG no Congreso, fixeron que a propia ministra de Fomento recoñeza que a medida é inxusta con Galiza. O que non menciona a ministra é que esta infraestrutura debería ser na actualidade de titularidade e xestión pública, xa que foi unha decisión do goberno do PP no Estado a que mal regalou a AP-9, cando xa lle remataba o periodo concesional, sen ningunha compensación significativa e sen ningunha consecuencia positiva na redución das portaxes desta infraestrutura.

Semella que a intención do Partido popular é, máis unha vez, que os galegos e as galegas paguemos cos nosos recursos as súas decisións e a situación de infraestruturas doutras partes do Estado, o que constitúe unha agresión inadmisíbel á sociedade galega.

Teñamos en conta que a esta suba haberá que engadirlle o incremento en tres puntos do IVE, noutra medida do goberno do Estado de ataque ás maiorías sociais galegas.

Para o BNG é imprescindíbel que o Goberno galego esixa ao Ministerio de Fomento unha rectificación da medida adoptada e rebaixar a portaxe da AP-9, tal e como ten acordado o Parlamento de Galiza..

O BNG emprenderá unha ofensiva política e social para defender a frota galega en Mauritania

O Bloque Nacionalista Galego emprenderá unha ofensiva política en toda regra para que se abra un novo proceso negociador e a frota galega non fique expulsada de Mauritania.

Así o anunciou o voceiro de Pesca nacionalista, Bieito Lobeira, na presentación das medidas que o BNG vai adoptar no plano institucional, a través dunha proposición non de lei, como no social, e iniciou contactos con todos os sectores afectados para convocar mobilizacións.

Lobeira advertiu de que o acordo de pesca con Mauritania é un dos acordos internacionais máis importantes para a frota galega, "de tal xeito que a expulsión dos nosos cefalopodeiros desas augas vai implicar máis desemprego, menos capacidade produtiva e máis miseria".

Negociacións fraudulentas

O deputado nacionalista asegurou que a responsabilidade de que finalmente non fora posíbel a renovación do acordo non é de Mauritania senón da "submisión" do goberno do Estado e da Xunta á Unión Europea, que dende o principio das negociacións "xa vendera, a prezo de saldo, a frota galega".

Neste sentido, Lobeira cualificou de "farsa" e de "fraude" todo o proceso negociador e lembrou que o interese da UE pola expulsión de Galiza desas augas vén de lonxe, pois dende que se asinou o acordo que vén de expirar, en Xullo de 2006, os 39 buques que faenaban xa se viron reducidos a 24.

A UE, explicou o deputado, introduciu de forma unilateral unha serie de medidas restrictivas para paulatinamente ir sustituindo a frota galega por frotas doutos Países, como a holandesa, ou doutras comunidades, como a andaluza ou a canaria.

"Asemade, en resposta á eurodeputada do BNG, Ana Miranda, Bruxelas recoñeceu que emprendía as negociacións para renovar o acordo con Mauritania dende a perspectiva de cota cero de cefalópodos, é dicir, partía xa da exclusión de Galiza", engadiu Lobeira.

Para o parlamentar, non é de recibo que ante esta posición política tan "inxusta" e "fóra da realidade", da que o BNG xa advertiu en distintas ocasións, nin o goberno español nin o de Núñez Feijóo adoptaran ningunha medida. "Confírmase que para a Xunta a frota galega non existe e que para o señor Rajoy o único que preocupa é a selección española e os intereses de Respol YPF en Arxentina".

Presidente cobarde

Bieito Lobeira alertou de que se non se defende esta frota non hai alternativa, ou Mauritania ou o despece, polo que pediu ao "presidente viaxeiro", en alusión a Núñez Feijóo, que vaia a Bruxelas e esixa que se abra un novo proceso negociador, "aínda que non temos moita confianza en que o faga porque é un presidente cobarde e preguiceiro".

A iniciativa rexistrada polos nacionalistas, que o deputado agarda corra mellor sorte que unha proposición non de lei anterior que nunca chegou a cumprirse, insta ao goberno galego a rexeitar o novo acordo con Mauritania e obrigrar así á Comisión Europea a reiniciar o proceso negociador, que inclúa reunións específica cos deputados galegos no Parlamento Europeo.

Asemade, emprázase á Xunta a iniciar conversas con Mauritania e a que demande do Estado español a articulación de medidas compensatorias para os tripulantes e casas armadoras afectados pola expulsión desas augas mentres non se restablece o acordo.

O 17 de agosto homenaxeamos na figura de Alexandre Bóveda a todos os homes e mulleres que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen a liberdade os dereitos nacionais de Galiza

17 de agosto, Día da Galiza Mártir

No ano 1936 Galiza vive un proceso político ilusionante e esperanzador coa elaboración e aprobación, por abrumadora maioría, dun Estatuto de Autonomía que suporía o primeiro recoñecimento xurídico-político dos direitos e liberdades do Pobo Galego no marco da IIª República española.

Este proceso esperanzador veuse truncado semanas despois coa sublevación militar e fascista que supuxo a perda das liberdades e a instauración dun rexime dictatorial no conxunto do Estado que duraría corenta anos.

O triunfo do fascismo suporá un forte trauma e un freo sen precedentes na evolución política, económica, social e cultural do noso país. O asesinato (con ou sen xuizo-farsa) ou o exilio das mellores cabezas con que contaba Galiza naquel entón foi o primeiro paso dun longo ronsel de negacións, humillacións, manipulacións e silenciamentos.
A loita polas liberdades e por manter viva a memoria seguiu viva nos homes e mulleres do exilio, que con Castelao á fronte seguiron a loitar polo reestabelecemento das liberdades individuais e colectivas do pobo galego e pola reconstrución dun réxime democrático na Galiza e no Estado Español. Foi precisamente a Galiza do exilio, a Galiza viva e democrática, a que instaurou o 17 de agosto, data do asesinato de Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos. Era o ano 1942.

13:00. A Caeira-Poio
Homenaxe institucional do Concello de Poio
coas intervencións de:
Sílvia Díaz (Concelleira de Cultura do Concello de Poio)
Isabel Pérez (Alcaldesa en funcións do Concello de Ourense)
Miguel A. Fdez. Lores (Alcalde de Pontevedra)
Luciano Sobral (Alcalde de Poio)
Amália Bóveda (En representación da familia Bóveda)

14:00. Pazo da Cultura de Pontevedra
Xantar de entrega do VII Premio Día da Galiza Mártir á Recuperación da Memoria histórica
que este ano se lle outorgará a Xosé Luís Rivas (Mini) e Baldomero F. Iglesias (Mero). Prezo do xantar 20 euros. Podes anotarte en: https://docs.google.com/spreadsheet/viewform?fromEmail=true&formkey=dDRiNzJSVkpqSUptRkNRRlZ0bnp4R3c6MQ

19:00. Cemiterio de San Amaro-Pontevedra
Acto cívico
coa intervención de Mini e Mero

22:00. Pizzería Cambalache
Cea de Galiza Nova

Acto Político

20:30. Praza de Curros Enríquez-Pontevedra

coas intervencións de **Ernesto Vázquez** (Responsábel Local de Galiza Nova), **Valentín Bóveda** (Neto de Alexandre Bóveda) e **Francisco Jorquera** (Portavoz do BNG no Congreso e candidato á Presidencia da Xunta de Galiza)

En 1977, en plena transición democrática, realízase o primeiro acto público da Galiza Mártir, cun acto político no cimeterio de San Amaro en Pontevedra. Neste contexto foron numerosas as iniciativas que organizacións políticas e culturais levaron a cabo nas décadas dos 80 e 90 para dar a coñecer e rehabilitar politicamente a figura de Alexandre Bóveda, e, con el, a de todos os homes e mulleres mortos ou exiliados por defenderen a liberdade e a dignidade do noso país.

A este recoñecemento social iranse incorporando institucións como a Deputación de Ourense, os Concellos de Soutomaior, Poio e Pontevedra, ou, máis recentemente, a Deputación de Pontevedra.

A ninguén se lle oculta a importancia e trascendencia política de Alexandre Bóveda. A súa figura está intimamente vencellada a dous feitos transcendentais da nosa historia recente, conformadores da conciencia nacional galega: a primeira formulación política do nacionalismo, o Partido Galeguista, e a elaboración e aprobación do primeiro Estatuto de Autonomía de Galiza.

Como dirixente político, á fronte da Secretaría de Organización do PG, Bóveda foi, en palabras de Lois Tobío "o home de acción, o talento organizador, mente clara e vontade enérxica que impuña a todos pola forza da razón dando coherencia e disciplina ao partido".

Como representante do Partido Galeguista, tivo unha participación determinante no proceso de elaboración e aprobación do Estatuto, como redactor e defensor do texto na trascendental Asemblea de Municipios celebrada en Compostela o 11 e 12 de decembro de 1932. Castelao diría en 1942 o seguinte a respeito do papel de Bóveda na elaboración do Estatuto: "Collede un exemplar do Estatuto Galego –que non ten a súa sinatura- e en cada verba dese documento latexa o espíritu de Bóveda". O propio Castelao, nun discurso pronunciado en Buenos Aires o 17 de agosto de 1948 abondaría a respeito do talento e do talante de Bóveda: "Cando Galiza encarou seriamente a conquista do seu Estatuto, a laboura de Bóveda asombrounos a todos e a todos nos obrigou a traballar rexamente. E ben se pode dicir que a maior parte do realizado naquel intre debéuselle exclusivamente a Bóveda. Por iso o mataron. Matáronno porque lle tiñan medo, matáronno porque vian nel o grande home de pensamento e acción. O seu patriotismo ía unido a unha alta nobreza de sentimentos e procederes. Por iso era respetado por todas as forzas políticas; e por iso todos o queriamos e obedecíamos nembargantes a súa xuventude. Nel víase o futuro de Galiza, por iso o asasinaron inicuamente, pois nel matábanlle a Galiza o seu grande organizador, o que lle sabía dar formas práticas ao seu lirismo patriótico".

Coa sublevación fascista, Alexandre Bóveda, que era un home de acción e un político infatigábel, asumirá dende o Goberno Civil de Pontevedra, xunto a un grupo de militantes republicanos, a defensa do réxime democrático e dos dereitos políticos de Galiza. Co triunfo da sublevación fascista, Bóveda será xulgado por un tribunal militar no salón de Plenos da Deputación de Pontevedra e condeado a morte acusado de "traición".

As palabras que pronunciou ante o Tribunal que o condeou a morte constitúen o máis alto exemplo de xenerosidade e amor a Galiza: "A miña patria natural é Galiza. Ámoa ferventemente. Nunca a traizoaría, aínda que me concedesen séculos para vivir. Se entende o tribunal que por este amor entrañánel a Galiza debe serme aplicada a pena de morte, recibireina como un sacrificio máis por ela. Fixen cando puiden por Galiza e máis faría se puidese. Se non podo, ata me gostaría morrer pola miña Patria". Na mañanciña do 17 de agosto de 1936 a sentencia será executada e Bóveda fusilado na Caeira, Poio.

CONCERTOS NO DÍA DA GALIZA MÁRTIR

21 H. PRAZA DA FERRARÍA:
Vaamonde, Lamas e Romero + Banda de Música de Pontevedra
22:30 H. PRAZA DO CONCELLO
Kepa Junquera e Budiño

Moraña

Aprobada a moción do BNG para que se manteña o poder adquisitivo dos empregados públicos

O Pleno da corporación de Moraña vén de aprobar, coa abstención do PP, a moción presentada polo BNG para que se manteña o poder adquisitivo dos empregados públicos e se vexan compensados pola supresión da paga extra de nadal aprobada polo goberno do PP no Estado.

O BNG considera que a decisión do goberno do PP é inxusta socialmente e contraproducente para saír da crise, ao contraer aínda máis o consumo.

A supresión da paga de Nadal para as empregadas e empregados públicos agravará aínda máis a crise, ao reducir o seu poder de compra, o que repercutirá moi negativamente nas pequenas e medianas empresas, no pequeno comercio, e no tecido económico en xeral do concello.

Caldas

En BLOQUE, PODEMOS !
En Galiza, hai alternativa

Queremos Xustiza !
A loita dos afectados e afectadas polas Participacións Preferentes

Luns 13 de agosto ás 21 h. no Mercantil de Caldas,
coas intervencións de Iñaqui Fernández, portavoz municipal do BNG
e Luciano Vilar, membro da Plataforma de Afectados do Morrazo

Pontevedra

Festas da Peregrina

O sábado 11 de agosto comezan as Festas da Peregrina coa lectura do pregón a cargo do periodista pontevedrés, Xavier Fortes, que até o 19 de agosto, encherán a cidade de actividades, alegría e diversión. Podes consultar toda a programación en: http://www.pontevedra.eu/festas.

Concertos e espectáculos pirotécnicos

Sábado 11
22:30 h. Actuación de **Malkeda, Barón Rojo e Obús**, na Praza do Concello
24:00 h. Fogos de artificio no peirao das Corvaceiras

Domingo 12
22:30 h. Concerto de **Maldita Nerea**, na Praza do Concello

Luns 13
21:00 h. Concerto man a man das **Bandas de Música de Pontevedra e Salcedo**, na Praza da Ferraría.
22:30 h. Concerto de **La Oreja de Van Gogh**, na Praza do Concello

Martes 14
22:30 h. Concerto de **Rosana**

Mércores 15
13:30 h. Banda de Música de Salcedo.
22:30 h. Concerto de **Treixadura e Cantigas e Agarimos**, na Praza do Concello.
24:00 h. Espectáculo pirotécnico no peirao das Corvaceiras.

Xoves 16
19:00 h. Concerto da **Banda de Música de Pontevedra**, na Praza Irmáns Pazó
22:30 h. Concerto de **Máxima FM**, na Praza do Concello

Festival Internacional de Percusión

Luns 13
12:00 h. Concerto de **Marimba,** na Praza da Peregrina
19:30 h. Obradoiro infantil de percusión, na Praza do Teucro
20:00 h. Concerto didáctico de **Amores Grup de Percussió**, na Praza do Teucro

Martes 14
12:00 h. Concerto de **alumnos do conservatorio profesional de música Manuel Quiroga**.
19:00 h. Obradoiro para batucar (importante traer instrumento percusivo), na Praza da Ferraría.
21:00 h. Concerto de **Rastrexos Project e Romain Kuonen**, na Praza da Ferraría

Mércores 15
12:00 h. Concerto de música étnica, na Praza da Peregrina
19:00 h. Obradoiro para batucar (importante traer instrumento percusivo), na Praza da Ferraría.
21:00 h. Concerto de **Odaiko Percussion e Amigos**.

Itineranta

Máis unha vez, Pontevedra acollerá os días 7, 8 e 9 de agosto O Itineranta, que este ano chega á súa terceira edición. O Festival Itineranta é o primeiro festival adicado aos espectáculos de rúa. Un verdadeiro espéctaculo de música en directo, circo, animación a cargo dos grupos Troula Animación, Scura Splats, K de calle, Remueménage e Xip Xap.

As mellores compañías do estado e francesas, mostrarán nas rúas da cidade as máis novedosas propostas das artes escénicas (zancos, malabares, teatro, cabaret, batukada, performance, música en directo, lume, pirotecnia...)

porta do tempo e do espacio abrirase de novo cando cae o sol durante tres días, transformando a cidade nun espacio paralelo, e sorprendendo ós pontevedreses nos recunchos e nas prazas da cidade, con diferentes personaxes saídos do mundo da fantasía.

Podes consultar a programación completa en: http://www.itineranta.com/

Compra no teu Concello

Consume no comercio local, nos nosos bares e restaurantes.
Mercando produtos do país en BLOQUE, PODEMOS saír da críse !

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO